

Mi impresión de este vídeo fue que los hombres, en general, somos muy crueles. El desprecio en esta vida a la mujer, a la stripper "que le falta una teta", es demencial. A mí la stripper me parecía bastante atractiva, y no va a dejar de serlo sólo porque haya tenido una enfermedad tan seria como el cáncer de mama, y tuvieran que extirparle un pecho para salvar su vida. No me parece como para gritarle a tu amigo: "tío, la has cagado, ésta sólo tiene una teta". Me pareció magnífica la solidaridad de la chica, muy valiente por cierto, al mostrar su único atributo delante de sus amigas y de los demás chicos. El comportamiento de esta sociedad materialista, siempre está en el extremo más negativo, el desprecio a la joven, y el más positivo, la solidaridad de la "cuarentona". En el mundo no existe un "yo", sino un "todos". Como seres humanos todos somos diferentes pero convivimos en un mismo planeta y debemos ayudarnos, dejar de resaltar los "defectos" de los demás y empezar a pensar en nuestros propios "defectos" antes de criticar a otros. La mayoría de los seres humanos somos bellísimas personas. Vale que algunos no tengamos un envoltorio tan atractivo, pero si le das una oportunidad a ese envoltorio gris, aplastado y sin dibujos, puede que te guste mucho más el sabor.

Daniel Urbina Núñez (3º ESO B)

Gustoome moito a curta, aínda que eu non vexo normal a actitude dos homes sobre o cancro de mama, xa que non é nada raro. O cuarto home dicía que pese a que a muller tivera cancro e a tivesen que operar, el a seguiría querendo igual e seguiría namorado dela. Esa actitude é moi boa, hai que sorrirlle á vida e non darse por vencido ao ter que superar unha causa moi grave ou calquera problema.

Miña nai tivo cancro hai dous anos e ao principio ao meu irmán e a min parecíanos un pouco raro. Logo, co tempo, fomos acostumándonos e non tivemos problema. Os amigos da miña nai axudábana e apoiábana, incluído meu pai, que era o que máis se preocupaba dela. Ninguén a discriminaba polo problema que tivo e agora nin se lle nota que o tivese. Ela segue igual que antes, cos mesmos pensamentos, coa mesma actitude... Non pode facer tanto deporte coma antes, porque se cansa máis rápido e porque lle doe algo o brazo. Superouno sen fallo e segue coa súa vida como se nada, aínda que non teña "teta".

Paula Fontán Gabriel (3º ESO B)

Creo que a curta é moi acertada, porque o cancro é unha enfermidade moi grave que non remata coa operación, senón que deixa marca na mente dos afectados.

Tamén se expón a idea de que pode ser un problema no traballo, o que é unha gran discriminación para os que superaron o cancro. Referente a iso, recordo que hai uns meses vi en Internet que un home fora despedido dunha libraría por ter SIDA. Creo que estes prexuízos contra os enfermos de enfermidades graves, son un dos motivos que fan que a sociedade non avance.

O cancro, ao igual que outras doenzas, é moi grave e, se os demais non te axudan a superalo, é difícil continuar adiante. Debemos axudar e respectar a esta xente que, a pesar de ter sufrido moito máis ca nós, non son tratado da mesma maneira.

David Soler García (3º ESO B)